

GUÍA DOCENTE DE **PRINCIPIOS DE INTERPRETACIÓN DAS MÚSICAS DE TRADICIÓN ORAL**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: PRINCIPIOS DE INTERPRETACIÓN DAS MÚSICAS DE TRADICIÓN ORAL										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía							ITINERARIO	Etnomusicoloxía	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO			Musicoloxía		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h.
ECTS/CUAD.							3		Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo e análise dos principios de interpretación, a través da audición e visualización, de diferentes exemplos de música de tradición oral, empregando para elo diferentes parámetros como o rítmico, melódico, harmónico, etc. Coñecemento dos diferentes métodos interpretativos e a súa relación con disciplinas como antropoloxía, a teoría da información, a semiótica, a psicoacústica, a psicoloxía cognitiva, etc.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Requírese estar matriculado no curso correspondente
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X11, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM1, EM2, EM3, EM7, EM8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Estudar e analizar os principios de interpretación de exemplos relevantes de música de tradición oral	T1, T2, X4, X11, EM1, EM8
Identificar aos intérpretes máis recoñecidos das músicas de tradición oral e culta non occidental	T 2, X11, X23, EM7, EM8
Valorar o estudo das músicas doutros lugares do mundo como contribución á sensibilización social da súa importancia cultura	T1, X23, EM7

4. CONTIDOS
1. Principios de interpretación das músicas de tradición oral
2. A interpretación en África
3. A interpretación en Asia
4. A interpretación en Oceanía
5. A interpretación en Europa



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación:	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*